

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 11 DE ABRIL DE 2019,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade, a prol do Concello de Covelo, do treito antigo da EP-5106, comprendido entre os puntos quilométricos 6+530 e 7+355.

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Decreto polo que se crea e regula o Observatorio Galego da Familia e da Infancia.

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e as Universidades da Coruña (UDC), Santiago de Compostela (USC) e Vigo (UVIGO) para proporcionar ao persoal investigador do Sistema Universitario de Galicia (SUG) acceso a recursos de supercomputación, almacenamento de datos e comunicación, por un importe total de cincocentos dez mil euros (510.000 €).

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Economía, Emprego e Industria para adquirir compromisos de gastos de carácter plurianual e para superar a porcentaxe nos pagamentos anticipados na orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2019. Importe total: vinte millóns novecentos trinta e seis mil setecentos sesenta euros (20.936.760 €).

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión dunha parcela de 15.335 m<sup>2</sup>, feita a título gratuito polo Concello de Lalín a favor do Servizo Galego de Saúde, con destino á construción dun centro integral de saúde.



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**

- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do inmovible do centro de saúde de Vila de Cruces feita a título gratuito polo Concello de Vila de Cruces (Pontevedra) a favor do Servizo Galego de Saúde.

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e a Empresa Pública Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga), en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión de biomasa nas faixas secundarias.

**INFORMES**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Informe sobre a reforma interior e reorganización da ocupación do Complexo Administrativo de San Caetano, para instrumentar a través dun concurso de ideas en colaboración co COAG, así como sobre a restauración e mellora da envolvente térmica do Edificio dos Espellos.

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Informe sobre a resolución para a contratación por parte das entidades locais de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Risga.

**CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

- Informe sobre a subscripción do convenio de colaboración de natureza patrimonial entre a Fundación Cidade da Cultura de Galicia (FCDCG) e o Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) para a localización do Instituto de Ciencias do Patrimonio (INCIPIT) no edificio Fontán da Cidade da Cultura de Galicia.

**CONSELLERÍA DO MAR**

- Informe sobre a convocatoria de subvencións para o ano 2019, en réxime de concorrencia competitiva, para o fomento do desenvolvemento tecnolóxico, a innovación e a competitividade no sector da acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (Femp).

## **O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA AO CONCELLO DE COVELO DA TITULARIDADE DO ANTIGO TREITO PROVINCIAL DA VÍA QUE DISCORRE POLO BARRIO DE REDONDO**

- ***Os cambios de titularidade tramítanse conforme a Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade***
- ***Coa transferencia, o Concello será responsable da conservación do tramo e poderá actuar de modo acorde coas súas características***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a transferencia ao Concello de Covelo do antigo treito provincial EP-5106, que discorre polo barrio de Redondo, na parroquia de Barciademera.

O concello pontevedrés solicitou á deputación provincial o cambio de titularidade deste tramo de estrada de algo máis de 800 metros, entre os puntos quilométricos 6+530 e 7+355, que comunica Covelo e Barciademera, unha vez que o organismo provincial remate as obras de acondicionamento deste tramo antigo de estrada de uso local.

A Administración provincial de Pontevedra considerou axeitado o cambio de titularidade a prol do entidade local, polo que emite informe favorable para a transferencia deste treito e solicita o cambio de titularidade destas estradas á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

A transferencia a prol do Concello de Covelo deste treito provincial tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que deberá ser aprobado por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe, o Concello de Covelo terá a competencia para actuar neste vía e asume a responsabilidade de xestión, mantemento, conservación e explotación das vías, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova Administración titular de estrada.

O decreto autorizado hoxe polo executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

## **A XUNTA DE GALICIA DÓTASE DUN OBSERVATORIO PARA IMPULSAR O CONSENSO NAS ACTUACIÓNS DIRIXIDAS Á FAMILIA E Á INFANCIA**

- ***Participarán todas as consellerías, o Instituto Galego de Estatística, a Delegación do Goberno, a Fegamp, as tres universidades, a Fiscalía do Tribunal Superior de Xustiza, os sindicatos, a Confederación de Empresarios e a Plataforma de Organizacións da Infancia de Galicia***
- ***Terá como finalidade asesorar, estudar e propoñer actuacións de apoio e protección das familias e das nenas, nenos e adolescentes***

O Consello da Xunta aprobou hoxe de maneira definitiva a creación do Observatorio Galego da Familia e da Infancia, despois de que o Consello Consultivo dese o seu visto e praxe ao decreto que regula este novo organismo e cuxa constitución se prevé para as vindeiras semanas, unha vez que se publique no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

O Observatorio actuará como un organismo colexiado e de carácter participativo que terá por obxecto asesorar, apoiar, analizar, estudar e propoñer actuacións nesta área. Entre outras funcións, ocuparase da análise e intercambio de información, da elaboración de estudos e investigacións para detectar mellor as necesidades das familias e de avaliar o impacto que teñen as políticas fiscais, laborais e sociais desenvolvidas polas administracións. Tamén propondrá liñas estratéxicas e plans de intervención, e poderá coordinar e harmonizar as actuacións das administracións nestes ámbitos, así como canalizar as iniciativas das organizacións sociais.

Ademais, o Observatorio abordará cuestións como a sensibilización da cidadanía no coñecemento e respecto dos dereitos da infancia, impulsará a incorporación da perspectiva da familia e da infancia no ordenamento xurídico galego e favorecerá as relacións con outros organismos de natureza semellante a nivel galego, nacional e internacional.

Respecto á súa composición, estará presidido pola conselleira de Política Social e contará coa participación de todas as áreas do Goberno galego, ademais dun vogal en representación dos órganos que dependen da Presidencia da Xunta.

Tamén estarán representados o Instituto Galego de Estatística, a Delegación do Goberno en Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), cada unha das tres Universidades, a Fiscalía do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, as centrais sindicais e a Confederación de Empresarios de Galicia, e a Plataforma de Organizacións da Infancia de Galicia.

## **A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DESTINA 510.000 EUROS A APOIAR O ACCESO DO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR UNIVERSITARIO AOS RECURSOS DE SUPERCOMPUTACIÓN E SOFTWARE ESPECIALIZADO**

- ***O obxectivo é axudas ás universidades a incrementar a súa capacidade competitiva a través da innovación***

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e as universidades da Coruña (UDC), Santiago de Compostela (USC) e Vigo (UVIGO) para proporcionar ao persoal investigador do Sistema universitario de Galicia (SUG) acceso a recursos de supercomputación, almacenamento de datos e comunicación. Deste xeito contribúese a incrementar a capacidade competitiva das universidades a través da innovación poñendo á súa disposición un centro de cálculo intensivo que permitirá a aplicación de novas solucións tecnolóxicas á investigación.

Ao abeiro deste acordo, o departamento educativo da Xunta de Galicia destinará un total de 510.000 euros a colaborar no financiamento do gasto realizado polas universidades galegas en recursos de supercomputación con diferentes arquitecturas e de *software* especializado para uso do persoal docente e grupos de investigación pertencentes ao SUG. Estes recursos permiten realizar cálculos de altas prestacións, almacenamento de datos e comunicacións de banda larga necesarios para o desenvolvemento dos traballos científicos dos grupos e centros investigadores das universidades do SUG.

Pola súa parte as tres universidades comprométense a poñer á disposición do persoal docente e persoal investigador o libre acceso a estas ferramentas.

**A XUNTA IMPULSA O EMPREGO LOCAL CUN INVESTIMENTO DE 32M€ QUE PERMITARÁ AOS CONCELLOS GALEGOS CONTRATAR MÁIS DE 2000 DESEMPREGADOS**

- ***O Consello informou hoxe sobre a convocatoria das axudas para os obradoiros de emprego e sobre a resolución do programa para a contratación de persoas perceptoras da Risga***
- ***A Consellería de Economía, Emprego e Industria investirá 24,5 millóns nos obradoiros duais e específicos para menores de 30 anos co fin de formar e favorecer o acceso ao mercado laboral de 1500 persoas***
- ***Primaranse, igual que na edición pasada, os obradoiros duais forestais e os centrados no Camiño de Santiago e nos criterios de valoración tamén terán preferencia os Concellos Emprendedores, sendo colectivo preferente os beneficiarios da Risga***
- ***Tamén se resolveu, por máis de 7,6M€, a contratación de 670 perceptores da Risga en 194 localidades, ampliando este ano, como novidade, a duración dos contratos de 7 a 9 meses e incrementándose a axuda media por traballador en 3000 euros***
- ***Estas dúas iniciativas de impulso ao traballo no eido local súmanse ao Aprol Rural que, cun investimento de 7M€, facilitará que 531 persoas accedan a un emprego en 268 municipios galegos***

A Xunta apoiará o emprego local nos concellos galegos cun orzamento de 32 millóns de euros que favorecerá a contratación de máis de 2000 desempregados. En concreto, no Consello da Xunta de hoxe informouse sobre as próximas convocatorias das axudas para os obradoiros de emprego 2019-2020 (duais e específicos para a mocidade) e sobre a resolución dos apoios concedidos este ano para a contratación de persoas perceptoras da renda de inclusión social de Galicia (Risga).

Estas dúas iniciativas, dirixidas ás administracións locais para a contratación de persoas sen traballo, súmanse ao Aprol Rural, un programa de que se informou a semana pasada e que cun investimento de 7 millóns permitirá que 531 persoas accedan a un emprego en 268 municipios galegos.

Tal e como se acordou no Consello da Xunta desta mañá, a Consellería de Economía, Emprego e Industria destinará, dunha banda, preto de 24,5 millóns entre 2019 e 2020 para a posta en marcha de 80 obradoiros, a través dos cales máis de 1500 desempregados recibirán formación e accederán a un posto de traballo para o desenvolvemento de tarefas que supoñan un servizo en beneficio da comunidade. Os Concellos Emprendedores seguirán tendo preferencia nesta iniciativa.

Investiranse 21 millóns nos obradoiros duais para beneficiar 1200 desempregados a través de 61 programas. Por segundo ano consecutivoponse en marcha esta modalidade de obradoiros que, ademais dun contrato de formación e aprendizaxe de 9 meses, inclúe a

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**

posibilidade de que os desempregados poidan optar a tres meses máis a xornada completa, como mínimo, a un contrato laboral nunha empresa do ámbito territorial en que se desenvolva o obradoiro e na mesma especialidade en que se cualificaron. Deste xeito, a Xunta incentivará, para aqueles concellos que o soliciten, a contratación nas empresas.

**Obradoiros forestais e do Camiño**

Dentro dos obradoiros duais, igual que na edición pasada, tamén se primarán os forestais e os específicos para mellorar o Camiño de Santiago. Resérvanse, deste xeito, 5 millóns para os forestais, que permitirán o acceso a certificados de profesionalidade nas especialidades de aproveitamento madeireiro, recolección de produtos forestais, repoboación, conservación e mellora do monte, silvicultura, construción e mantemento de infraestruturas para a prevención e extinción de incendios e de seguridade e ambiente e as relacionadas tamén coa vixilancia e extinción de incendios. Dos 5 millóns destinarase un millón para os obradoiros promovidos por entidades sen ánimo de lucro do eido forestal.

Para os obradoiros do Camiño de Santiago investíranse 3 millóns na realización de tarefas destinadas á conservación, reforma e posta en valor das rutas de peregrinación.

En todos os obradoiros duais terán preferencia os desempregados con especiais dificultades de inserción no mercado de traballo, como os emigrantes retornados, as mulleres, parados de longa duración, maiores de 45 anos, persoas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego, persoas con capacidades diferentes e aqueles que carezan de títulos universitarios ou de FP de grao superior. Este ano, como colectivo preferente, inclúense tamén ás persoas beneficiarias do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia (Risga).

**Apoio á mocidade**

Con respecto aos obradoiros específicos para menores de 30 anos, a Consellería de Economía, Emprego e Industria destina 3,5 millóns para beneficiar 300 mozos e mozas a través de 19 programas, que tamén combinan formación e o acceso a un posto de traballo durante 6 meses.

Igual que os duais, os proxectos poden ser promovidos polos concellos, as mancomunidades de concellos e as entidades públicas dependentes ou vinculadas a un concello. Poderán ser beneficiarios desta modalidade de obradoiros os mozos e mozas menores de 30 anos inscritos no sistema de garantía xuvenil. Nas próximas semanas publicarase esta liña de axudas no *Diario Oficial de Galicia*. A través destes obradoiros tamén se accede a certificados de profesionalidade ao remate da formación.

**Programa da Risga**

En canto á resolución da convocatoria de axudas para perceptores da Risga, a Xunta inviste este ano 7,6 millóns, un 3,6% máis que en 2018, para contratar a 670 parados en 194 localidades, con preferencia para aqueles que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral, os maiores de 45 anos e os que teñan cargas familiares. A novidade máis importante este ano é que a duración dos contratos se amplía de 7 a 9 meses. Ademais, a



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**

axuda media concedida por traballador aumenta nun 35,4%, sobre 3000 euros máis, chegando aos 11.467 euros.

As axudas para os obradoiros e para a contratación de perceptores da Risga súmanse ao Aprox Rural, unha iniciativa tamén destinada a apoiar o emprego local en Galicia e co cal a Xunta pretende incrementar as oportunidades laborais dos galegos e galegas. En concreto, o programa Aprox Rural, cun investimento de 7 millóns de euros, facilitará que 531 persoas accedan a un emprego en 268 municipios.



## **O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A ACEPTACIÓN DA CESIÓN DUNHA PARCELA EN LALÍN PARA CONSTRUIR O CENTRO DE SAÚDE**

- ***A Xunta de Galicia mantén o seu compromiso de achegar as prestacións sanitarias o máis preto posible dos usuarios***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a aceptación dunha parcela para a construción do centro integral de saúde en Lalín cunha superficie de 15.335 m<sup>2</sup>, feita a título gratuito polo Concello de Lalín e a favor do Servizo Galego de Saúde.

A mellora e a modernización das infraestruturas en atención primaria son unha prioridade para a Xunta de Galicia, que mantén o seu compromiso de achegar as prestacións sanitarias o máis preto posible dos usuarios. O Plan funcional do centro integral de saúde de Lalín, presentado o pasado ano, prevé áreas integrais de especialidades médicas, atención pediátrica, hospitalización a domicilio, atención á muller, rehabilitación, telemedicina, diagnóstico pola imaxe e hemodiálise.

Tamén recolle novos programas como o de rehabilitación cardíaca. A rehabilitación cardíaca, a través das súas diferentes actuacións, ten demostrado que mellora o pronóstico e a calidade de vida dos pacientes con cardiopatías. Outra das novidades será o programa de enfermidades musculoesqueléticas que permitirá consultas integrais baixo a supervisión conxunta de facultativos especialistas en traumatoloxía e rehabilitación para dar solución ás patoloxías da dor musculoesquelética. Ademais, vaise incorporar un programa de atención a pacientes crónicos pluripatolóxicos, un programa de rehabilitación do solo pélvico e outro de radiodiagnóstico e ecografía.

O Plan funcional de espazos do centro integral de saúde de Lalín prevé incorporar, entre outros programas, a hospitalización a domicilio (HADO). Preténdese que este programa se implante progresivamente e que, en varias fases, chegue a abarcar gran parte do Concello de Lalín e dos municipios de Silleda e de Dozón, cunha poboación de 35.000 habitantes. Tamén recolle a creación dun centro integral de hemodiálise que preste servizo á poboación da comarca do Deza. Entre as vantaxes están o achegamento da clínica ao enfermo, cunha atención máis personalizada e vinculada ao seu centro de atención primaria e a mellora da calidade de vida do paciente, que na actualidade ten que realizar unha media de 3 desprazamentos semanais a Santiago.

O Servizo Galego de Saúde está a traballar para poñer a disposición da cidadanía galega infraestruturas modernas, con capacidade de resolución de alto nivel de calidade e no lugar máis próximo ao paciente como é a atención primaria.

## **O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A ACEPTACIÓN DO CENTRO DE SAÚDE DE VILA DE CRUCES**

O Consello da Xunta vén de autorizar a aceptación da cesión do inmoble do centro de saúde de Vila de Cruces, na provincia de Pontevedra. Os custos anuais de mantemento do centro, que conta cunha superficie útil de 853,44 m<sup>2</sup> foron estimados en 57.000 euros.

Con este inmoble sanitario, o número total de centros de titularidade municipal asumidos polo Servizo Galego de Saúde no eido do Pacto Local ascende a 90.

Cómpre destacar que a asunción de obrigas de contido económico para o Servizo Galego de Saúde xorde no momento en que se eleve a escritura pública a cesión da titularidade dos centros á Administración sanitaria autonómica.

O proceso de asunción é en todo caso voluntario para os concellos, que previamente asinan os convenios en que se establecen as bases de cooperación co Sergas para “a cesión da propiedade do centro de saúde de que é titular o dito concello, ao Servizo Galego de Saúde, e para a asunción, por parte deste organismo, dos seus gastos de mantemento”. O concello comprométese a realizar todos os trámites patrimoniais e urbanísticos que sexan necesarios a fin de posibilitar a cesión patrimonial do centro de saúde libre de cargas e gravames, así como a aprobar determinadas exencións e bonificacións fiscais, e o Servizo Galego de Saúde acepta a cesión do inmoble e comprométese a asumir os gastos de mantemento.

## O CONVENIO DE PROTECCIÓN DAS ALDEAS FRONTE AOS LUMES FORESTAIS PREVÉ ACTUACIÓNS DE LIMPEZA DE BIOMASA EN 700 NÚCLEOS DE TODA GALICIA

- ***O Consello do Goberno galego autorizou hoxe a sinatura dunha addenda ao acordo de colaboración entre a Xunta, Seaga e a Fegamp para previr incendios nas proximidades dos núcleos de poboación***
- ***A Administración autonómica comprométese a cooperar na elaboración dos plans básicos de prevención dos concellos adheridos e a facilitar o cumprimento das competencias municipais con diferentes ferramentas postas ao seu dispor***
- ***Estas iniciativas suporán un investimento estimado de case 36,7 millóns de euros por parte das administracións asinantes, dos cales a Xunta achegará 28,7, é dicir, máis do 78% do importe global***
- ***Trátase dunha iniciativa pioneira que permitirá chegar maior seguridade xurídica a todos os axentes interesados ao planificar a prevención a medio e longo prazo***
- ***Esta colaboración, que dá cumprimento ás recomendacións da comisión parlamentaria forestal, amosa o firme compromiso de Galicia coa protección dos núcleos de poboación***

A Xunta, en colaboración coa empresa pública Seaga e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), prevé actuar para previr incendios nunhas 700 aldeas de 68 parroquias de toda a comunidade autónoma no período 2019-2022 mediante a xestión da biomasa nas faixas secundarias, é dicir, aquelas próximas aos núcleos de poboación. Darase prioridade a aquelas áreas con maior problemática incendiaria, que foron escollidas consonte uns criterios obxectivos, relacionados coa virulencia dos lumes, coa superficie afectada, co risco de ocorrencia de incendios e cos medios e a planificación adoptada para facerlles fronte. Así, actuarase nunhas 4.500 hectáreas este ano, ata chegar a unhas 16.000 ao remate do período.

O Consello do Goberno galego autorizou hoxe a sinatura dunha addenda ao convenio subscrito en agosto do pasado ano entre a Xunta, Seaga e a Fegamp en materia de prevención e defensa das aldeas contra os incendios forestais, para facilitar e axilizar todo o procedemento.

Así, a principal novidade introducida no acordo é o reforzo e instrumentación da cooperación da Xunta para tramitar os plans municipais de prevención e defensa. Isto supón que a Administración autonómica colaborará con todos os concellos adheridos (177 a día de hoxe) na elaboración dos seus respectivos plans básicos de carácter municipal.

### **Instrumentos para a xestión**

Ademais da colaboración da Xunta cos concellos na tramitación dos plans municipais de prevención e defensa contra os lumes, o Goberno galego ofrecerá aos municipios os

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**

instrumentos precisos para o establecemento do sistema de xestión da biomasa nas faixas secundarias. Neste sentido, desenvolverase unha plataforma para a xestión da biomasa, de forma que mediante un programa informático se axilizará e se simplificará a xestión de todos os requirimentos e notificacións que os concellos teñan que facer aos veciños en cumprimento das súas obrigas ao respecto.

Outra medida será a implementación dun visor, que se está a desenvolver, elaborado cos sistemas cartográficos do Instituto de Estudos do Territorio da Xunta, a través do cal os concellos adheridos disporán da información correspondente ás faixas secundarias e das parcelas que as conforman. Deste xeito será posible visualizar nun ordenador todas as parcelas que están dentro das franxas de protección das aldeas do concello en cuestión, coa súa referencia catastral.

Tamén se colaborará cos concellos para a realización dun manual básico de procedemento en que se incluírán os modelos da documentación, así como esquemas e diagramas que lles clarifiquen a planificación e a execución das súas competencias. Do mesmo modo, prestaráselles cooperación técnica para elaborar os modelos de notificacións e comunicacións que deben ser enviadas ás persoas responsables polos concellos.

Ademais, vaise permitir, mediante a referida addenda, a adhesión voluntaria ao convenio dos concellos interesados en calquera momento, co fin de acadar o máximo número de incorporacións, dando prioridade ás parroquias en que se vai implantar o sistema público, en función do risco de incendio nelas.

**Actividade agrogandeira**

Unha vez acometida a limpeza das franxas, a Consellería do Medio Rural promoverá a implantación de actividade agrogandeira nas parroquias seleccionadas, coa finalidade última de que se poidan manter en condicións sen necesidade dunha nova limpeza. Así, con ese obxectivo, esta addenda prevé a posta en marcha de proxectos piloto públicos ou privados de mobilización de terras nas faixas secundarias de xestión da biomasa, coa finalidade de implantar actividade agrogandeira nelas e que se manteñan limpas e actúen como devasa natural fronte aos incendios.

Tamén se incorpora como novidade no convenio a inclusión para a súa limpeza dun total de 40 "aldeas modelo" situadas fóra das parroquias seleccionadas. Nestes núcleos, escollidos cos criterios fixados conxuntamente coa Fegamp, a empresa Seaga fará a limpeza da totalidade do seu perímetro e realizará as tarefas complementarias que se requiran, co obxectivo de que nelas se implante obrigatoriamente actividade agrogandeira. Polo tanto, calquera dos concellos adheridos ao convenio poderá optar por que esta actuación se leve a cabo nun dos seus núcleos de poboación, sempre que cumpran os criterios fixados.

Con todas estas actuacións, que suporán un investimento estimado de 36.696.000 euros por parte das administracións asinantes, Galicia é pioneira na posta en marcha dunha iniciativa coma esta. Dese orzamento, a Xunta achegará 28,7 millóns, é dicir, máis do 78% do importe global. Ademais, este acordo achega maior seguridade xurídica a todos os axentes



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**

interesados e planifica a prevención a medio e longo prazo, mediante a introdución de actividade agrogandeira nas devanditas parcelas.

Esta colaboración impulsada pola Xunta amosa o firme compromiso de Galicia coa protección dos núcleos de poboación fronte aos lumes e dá cumprimento ás recomendacións da comisión parlamentaria forestal.



## A XUNTA COMPLETARÁ A REFORMA DO COMPLEXO ADMINISTRATIVO DE SAN CAETANO CUNHA REMODELACIÓN INTERIOR E NOVAS MELLORAS ENERXÉTICAS

- *Acometerase unha reforma interior e renovación das instalacións por un importe máximo de 29 millóns de euros e para a que se convocará un concurso de ideas*
- *Tamén se mellorará a envolvente térmica dun dos edificios nos que non se actuara na última reforma, grazas a un investimento duns 5 millóns de euros*
- *Os traballos realizaranse por fases para permitir o normal desenvolvemento da actividade administrativa*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a posta en marcha de dúas actuacións fundamentais para completar a mellora do complexo administrativo de San Caetano que incluírán a reforma interior e renovación das instalacións, así como a mellora da envolvente térmica dun dos edificios nos que non se actuara na última reforma.

A actuación de máis envergadura será a que abordará a remodelación interior e renovación das instalacións do complexo, que disporá dun orzamento máximo de 29 millóns de euros. Entre os obxectivos principais desta reforma está a mellora das condicións de traballo do persoal funcionario e da calidade da atención á cidadanía.

Por iso, estableceranse como requisitos no novo deseño que se prime a funcionalidade e accesibilidade; o aproveitamento da iluminación natural e as zonas diáfanas, que proporcionan máis confort; a versatilidade, para que permita modificacións futuras; a habilitación de espazos externos que faciliten a interacción e reunión do persoal; e un bo sistema de arquivo, entre outros criterios.

As obras executaranse por fases para facilitar o normal desenvolvemento da actividade administrativa.

Ademais, e co obxectivo de garantir o mellor proxecto, convocarase de inmediato, en colaboración co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, un concurso de ideas con xurado. O gañador será o encargado de redactar o proxecto e dirixir a obra, a través dun contrato de 860.000 euros. Os galardoados cos segundos e terceiro premio, ou con algún dos tres accésits, tamén contarán cun premio.

### **Mellora da envolvente térmica**

Por outra banda, o Consello da Xunta tamén deu esta mañá o seu visto bo á mellora da envolvente térmica dun dos edificios sobre os que non se actuara na última reforma, o edificio posterior esquerdo.

Neste caso, acometerase o illamento da cuberta plana do edificio; substituírse o muro, que viña rexistrando filtracións; cambiaranse os equipos xeradores; e instalárase iluminación LED.



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**

O orzamento para esta actuacións ascenderá a 5 millóns de euros e permitirá, ao mesmo tempo, mellorar o aspecto exterior do edificio e un aforro no consumo enerxético de ata o 15%.

Con estas dúas novas actuacións completaranse as reformas que se viñeron acometendo neste complexo administrativo nos últimos tempos e que buscan mellorar as instalacións para todos os seus traballadores e para todas as persoas que fan uso a diario destes edificios.

Súmanse, deste xeito, a actuacións como a instalación en 2016 dun sistema de calefacción central en todo o complexo, alimentado con biomasa; e ás reformas do último ano, que se centraron na mellora enerxética do edificio coa instalación de novas cubertas e fiestras e á dotación de iluminación LED.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta****A XUNTA E O CSIC ACORDAN TRASLADAR AO NOVO EDIFICIO FONTÁN DA  
CIDADE DA CULTURA O INSTITUTO DE CIENCIAS DO PATRIMONIO**

- ***A situación deste instituto no Gaiás, onde tamén se localizará o Centro Europeo de Estudos da Paisaxe, converterá a Cidade da Cultura nunha referencia estatal en estudos do patrimonio***
- ***O CSIC achegará 2,4 millóns pola construción destas instalacións, cantidade que permitirá reducir a achega orzamentaria do Goberno galego para construír este edificio***
- ***Un equipo de sesenta investigadores ocupará a quinta parte do edificio, no que compartirá sede con servizos transversais das universidades galegas***

O Consello da Xunta de Galicia informou esta mañá da sinatura do convenio co Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) para trasladar o Instituto de Ciencias do Patrimonio (Incipit) ao novo Edificio Fontán da Cidade da Cultura.

Polo uso das instalacións do Gaiás, o CSIC achegará 2,4 millóns, ademais de asumir o custo anual dos gastos que xere o Incipit polo desenvolvemento da súa actividade. A cantidade procedente desta axencia científica estatal, dependente do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, permitirá reducir a achega do Goberno galego á construción do Fontán.

O traslado do Incipit, cun equipo de 60 investigadores permanentes, ademais de estudantes e colaboradores, converterá a Cidade da Cultura nunha referencia en todo o Estado no eido de estudos do patrimonio. De feito, este instituto compartirá sede co novo Centro Europeo de Investigación en Paisaxes Culturais (CEIPAC), outras das institucións que albergará o Fontán, destinado, entre outros obxectivos, ao impulso do Camiño de Santiago.

O acordo cede ao Incipit o uso durante 75 anos de 2271 metros cadrados, o que representa unha quinta parte da superficie útil do edificio. Xunto ao CEIPAC, o Incipit compartirá sede con servizos transversais das tres universidades galegas: a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario, cuxo obxectivo será garantir que a docencia, a investigación, a xestión e a transferencia do coñecemento se encamiñen cara á excelencia, e o novo Consorcio Interuniversitario de Galicia, que será o centro neurálxico da xestión conxunta das tres universidades, centralizando os servizos bibliográficos, a organización das probas de acceso á educación superior e o desenvolvemento de programas informáticos que melloren a organización.

A Xunta de Galicia enmarca este acordo dentro das accións destinadas a optimizar o uso dos espazos da Cidade da Cultura de Galicia, incrementando a súa actividade, captando recursos doutras administracións para sufragar o seu custo e maximizando a súa utilidade social para os galegos.

**Obras en marcha**

O pasado decembro comezaron as obras do Fontán, que se está a edificar aproveitando a estrutura xa construída do Teatro da Música, un dos edificios non rematados do Gaiás. Os



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**

traballos foron adxudicados nun concurso público a unha UTE formada por Acciona e San José e está previsto que estea rematado no último trimestre de 2020 e operativo no 2021, ano do Xacobeo 21.

A decisión de situar na Cidade da Cultura o Fontán responde a que construír un edificio de características similares noutra localización se estima que custaría 30 millóns de euros, mentres que, ao facelo no Gaiás, o proxecto ten un orzamento de 14,7 millóns. Ademais, a aportación de 2,4 millóns do CSIC permitirá reducir o custo para a Xunta.

A razón deste aforro obedece a que, ao situar o edificio na Cidade da Cultura, se está a aproveitar a estrutura xa construída do Teatro da Música, evitase a adquisición dun solar coas características precisas para un edificio tecnolóxico destinado á investigación, e aproveítanse as redes e conexións de gas, climatización, enerxía, telecomunicacións, etc. que xa existen na Cidade da Cultura, ademais de seguridade, aparcadoiros, conexión coa Ap-9, entre outros servizos.

**Investigación sobre patrimonio**

O Incipit foi creado no ano 2010 co obxectivo de promover a investigación científica, de natureza transversal e interdisciplinaria, sobre o patrimonio cultural. A actividade do instituto abarca investigacións teóricas, empíricas e aplicadas sobre procesos de formación e orixe de patrimonio cultural, a súa significación e sentido, os seus problemas de xestión e conservación, o seu uso social, as súas funcións e potencialidades para o seu desenvolvemento económico e social. Incorpora especialistas en historia, arqueoloxía, arquitectura, historia da arte, antropoloxía, etnografía, socioloxía, ciencias da terra, tecnoloxías semánticas e tecnoloxías xeo-espaciais.

## **OS ACUICULTORES QUE FOMENTEN UNHA ACTIVIDADE SUSTENTABLE XUNTO CON ORGANISMOS CIENTÍFICOS PODERÁN ACCEDER A ACHEGAS PARA A INNOVACIÓN**

- ***A Consellería do Mar convoca por primeira vez no marco do Femp axudas a proxectos que impulsen o desenvolvemento tecnolóxico, a innovación e a competitividade no sector da acuicultura e que contén coa colaboración de organismos científicos***
- ***A convocatoria de 2019 destas subvencións publicarase en próximos días no Diario Oficial de Galicia e está dotada con máis dun millón de euros***
- ***Son subvencionables os proxectos que busquen o desenvolvemento de coñecementos técnicos, científicos ou organizativos nas explotacións acuícolas e que reduzan o impacto no medio ambiente, entre outros aspectos***
- ***Tamén son obxecto de axuda as iniciativas que teñan como finalidade a introdución no mercado de novas especies e de produtos e procesos de xestión e organización novos ou perfeccionados***

A Consellería do Mar convoca por primeira vez no marco do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (Femp) axudas para o fomento do desenvolvemento tecnolóxico, a innovación e a competitividade no sector da acuicultura. Delas poderán beneficiarse os acuicultores, entre eles as confrarías e asociacións e organizacións de bateiros que fomenten unha actividade sustentable a través de proxectos de innovación desenvolvidos en colaboración con organismos científicos ou técnicos recoñecidos polo Estado ou pola la Comunidade Autónoma de Galicia e tamén as universidades públicas e privadas.

A convocatoria de 2019 destas achegas foi analizada hoxe no Consello da Xunta e publicarase en próximos días no *Diario Oficial de Galicia*. Está dotada con algo máis dun millón de euros, cofinanciados co Fondo Europeo Marítimo e da Pesca e para distribuír entre as anualidades 2019 e 2020. En concreto, poderán acollerse ás axudas os titulares de establecementos de acuicultura situados nas zonas terrestre, marítimo-terrestre ou marítima que teñan as súas instalacións en Galicia e que desenvolvan proxectos de innovación en colaboración con organismos científicos ou técnicos.

A través delas son subvencionables os proxectos que teñan como obxectivo o desenvolvemento de coñecementos técnicos, científicos ou organizativos nas explotacións acuícolas, que reduzan o impacto no ambiente e que impulsen un uso sustentable dos recursos na acuicultura, melloren o benestar das especies ou faciliten novos métodos de produción sustentable, entre outros aspectos.

Tamén son obxecto de axuda as iniciativas que busquen a introdución no mercado de novas especies, produtos e procesos ou sistemas de xestión e organización novos ou perfeccionados. Entre os proxectos subvencionables están, ademais, aqueles que teñan como fin o estudo da viabilidade técnica ou económica de produtos ou procesos innovadores.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**

Algúns exemplos de accións de colaboración entre os acuicultores e os organismos científicos susceptibles de poder acollerse a estas achegas son a optimización das condicións de cultivo, o desenvolvemento de sistemas de marcaxe de organismos mariños para programas de sementeira no medio natural e de tecnoloxías modulares de recirculación de auga para microcriadoiros de moluscos. Tamén as tecnoloxías para o tratamento e valorización de efluentes das instalacións de acuicultura e o desenvolvemento de programas de selección de estirpes resistentes de moluscos bivalvos, entre outras iniciativas.

Con estas subvencións, a Xunta busca impulsar o uso de tecnoloxías e avanzar coa innovación en todos os ámbitos da acuicultura en campos como a alimentación, enerxías renovables e aspectos ambientais, novos sistemas de cultivo, xestión de residuos ou a mellora das tecnoloxías de cultivo.

Así, a través delas subvencionarase con carácter xeral o 50% dos investimentos que fagan as pemes, o 30% dos das grandes empresas, o 75% dos investimentos que realicen as organizacións de produtores, asociacións de organizacións de produtores ou asociacións interprofesionais e o 60% dos que fagan outras organizacións de beneficiarios colectivos. Esa porcentaxe pode chegar ao 100% cando se trate de proxectos dunha peme, dunha organización de produtores, asociacións ou outras organizacións de beneficiarios colectivos e que sexa de interese colectivo, cun beneficiario colectivo e con características innovadoras a escala local.

Os interesados en cursar as solicitudes de axuda poderán consultar os requisitos e a documentación necesaria na orde que publicará o DOG en próximos días. A presentación de solicitudes realizarase por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).